



CIRCULAR 68-2023.

TROFEO MEMORIAL JOSEFINA ROMERO DE MARCHA ATLÉTICA MARCHA POPULAR CANTONES DE A CORUÑA 2023 (GRAN PREMIO INTERNACIONAL CANTONES – SERGIO VÁZQUEZ)

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A FGA e o Concello de A Coruña organizan o Trofeo Memorial Josefina Romero de Marcha Atlética o 3 de xuño de 2023, no circuíto urbano "Los Cantones", sito na Rúa Cantón Grande (A Coruña).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza na presente tempada pola FGA e as tramitadas por outras autonomías que cumpran as condicións de participación de calendario nacional tipo II, segundo o regulamento de competición da RFEA.

Art.3).- Tempo de corte

- Aqueles atletas que, superados os 35' dende a saída do 5km, non teñan finalizada a súa proba, serán descualificados e deberán abandonar o circuíto.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do luns 29 de maio.

Art.5).- Horario e Cámara de chamadas:

Cámara de Chamadas		HORA	DISTANCIA	CATEGORÍAS
Apertura 15:50	Peché 16:05	16:15	5km	Sub 18 en adiante - Mulleres Sub 16 en adiante - Homes
		16:16	3km	Sub 16 – Mulleres Sub 14 – Mulleres e Homes
		16:17	2km	Sub 12 – Mulleres e Homes
		16:18	1km	Sub 10 – Mulleres e Homes

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.
- Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e os dorsais postos.



Art.6).- Os atletas deberán utilizar os 2 dorsais outorgados pola organización, de forma totalmente visible no peito e nas costas.

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio evento, calquera baixa ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA a competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 11 de maio de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo